

**ECONOMÍA DA EMPRESA****Pregunta 1**

Valorarase 0,25 puntos pola correcta definición de cada concepto, e 0,25 puntos pola correcta identificación de cada exemplo. Ademais considerarase a medida en que se axusta o contido da resposta ó que se pregunta, a valoración graduarase atendendo á claridade expositiva e á utilización axeitada dos conceptos fundamentais.

**Pregunta 2**

Valorarase 0,25 puntos por cada ítem de clasificación identificado coa súa correcta definición, e 0,25 puntos polos dous exemplos. Ademais considerarase a medida en que se axusta o contido da resposta ó que se pregunta, a valoración graduarase atendendo á claridade expositiva e á utilización axeitada dos conceptos fundamentais.

**Pregunta 3**

Valorarase 0,25 puntos pola correcta definición de cada concepto para cada un dos impostos. Ademais considerarase a medida en que se axusta o contido da resposta ó que se pregunta, a valoración graduarase atendendo á claridade expositiva e á utilización axeitada dos conceptos fundamentais.

**Pregunta 4.1.**

Cálculo correcto da produtividade de cada ano: 0,5 puntos. Na valoración terase en conta non só o resultado numérico concreto senón tamén a corrección (coherencia) na exposición e a formulación correcta da expresión que permita a realización do cálculo.

**Pregunta 4.2.**

Este problema non admite cualificacións intermedias (salvo os erros puramente aritméticos que serán penalizables: 0,25 puntos). Na valoración terase en conta non só o resultado numérico concreto senón tamén a corrección (coherencia) na formulación correcta da expresión que permita a realización do cálculo.

**Pregunta 4.3.**

Valorarase 0,25 puntos pola correcta identificación de cada motivo. Ademais considerarase a medida en que se axusta o contido da resposta ó que se pregunta, a valoración graduarase atendendo á claridade expositiva e á utilización axeitada dos conceptos fundamentais.

**Pregunta 5.**

Cálculo correcto dos indicadores VAN para cada proxecto: 0,5 puntos. Cálculo correcto dos indicadores prazo recuperación para cada proxecto: 0,25 puntos. Elección final correcta e razoada: 0,5 puntos. Os erros puramente aritméticos serán penalizables: 0,25 puntos. Na valoración terase en conta non só o resultado numérico concreto senón tamén a corrección (coherencia) na exposición e a formulación correcta da expresión que permita a realización do cálculo.

Na interpretación do resultado, ademais de considerar a medida en que se axusta a resposta ó que se pregunta, a valoración graduarase atendendo á claridade expositiva e á utilización axeitada dos conceptos fundamentais.

**Pregunta 6.**

Os distintos apartados deste problema non admiten cualificacións intermedias. Na valoración terase en conta non só o resultado numérico concreto senón tamén a corrección (coherencia) na formulación correcta da expresión que permita a realización do cálculo. Na interpretación do resultado, ademais de considerar a medida en que se axusta a resposta ó que se pregunta, a valoración graduarase atendendo á claridade expositiva e á utilización axeitada dos conceptos fundamentais. No gráfico deberán estar indicadas as dimensións dos eixos e as curvas de tódolos conceptos de coste.